



Expediente IET: P-21-018
Proxecto: Parque eólico Serra do Furco
Concellos: Becerreá (Lugo)
Promotor: Enel Green Power España, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 13/09/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Lugo somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto do Parque eólico Serra do Furco.

1. Antecedentes:

Con data do 24/02/2021 o IET emitiu un informe de consulta sobre o contido do estudo impacto e integración paisaxística, de acordo co previsto no artigo 11.3 da Lei 7/2008. Nese informe indicábase que no estudo de impacto ambiental (EIA) debía incorporarse un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), cuxo contido debía axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 25 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008. Así mesmo, concretábanse certos criterios recollidos nas Directrices de paisaxe de aplicación directa no proxecto.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na instalación do parque eólico Serra do Furco, de 40 MW, composto por 7 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (acondicionamento e nova construción de camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, subestación, zonas de provisión e gabias para a rede eléctrica). Se prevén 5 aeroxeradores de 6 MW e 2 de 5 MW, e contarán cunha altura da buxa de 115 metros e cun diámetro de rotor de 170 metros. En relación cos camiños necesarios para a infraestrutura se prevé a apertura de 3.920 m de novas vías e o



acondicionamento de 1.504 m de outras existentes. En canto á subestación fórmulase a construción de tres edificios de planta rectangular, cuberta a dúas augas e superficie de 7,81x18,38 para o edificio de celas e 21,6 x 10 para o de operación e mantemento, e cuberta a unha auga e superficie de 11,5x3,25 para o de residuos. Os cerramentos serán mediante muros de termoarcilla e carpintería metálica. O conxunto edificado terá un peche perimetral de zócalo de formigón de 30 cm postes e malla metálica.

O parque terá unha liña de descarga ata a estación de Belesar que será obxecto de proxecto independente.

A documentación achegada polo Servizo Servizo de Enerxía e Minas de Ourense consiste nun estudo de impacto ambiental (xuño 2022) e un ficheiro shp coa representación gráfica das infraestruturas e instalacións do parque eólico. O EIA contén un EIIP como documento anexo (anexo II).

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, a actuación localízase na grande área paisaxística das Serras Orientais, na comarca paisaxística de Ancares-A Fonsagrada. As infraestruturas do parque non se atopan dentro de ningunha área de interese paisaxístico (AEIP) do Catálogo. As máis próximas son, a AEIP-01-11 Cruzul-Agüeira a uns 3,5 km ao sur e a AEIP-01-10 Río Navia a uns 4,3 km ao sueste. Respecto aos miradoiros, o máis próximo é o de Pena Maior a uns 4,8 km ao suroeste do parque e un pouco máis afastado o de Montes de Restelo (aprox. 9,5 km).

En relación a outros elementos de interese non recollidos no Catálogo, destacar a presenza de xacementos arqueolóxicos, como son o Castro da Serra (Os Castros) e a Groba da Pena do Valín (canle de mina de ouro romana) situados na aba suroeste da Serra do Furco, e varias mámoas distribuídas ao longo do cordal desta serra. En canto á rede hidrográfica, na serra verte augas cunha densa rede de afluentes aos regos de Rioporto, Cerdeiroa e Aira Ponte.

O proxecto localízase entre as parroquias de Furco e Cadoalla, está distribuído sobre o cordal e abas da Serra do Furco e consta de 7 aeroxeradores, torre meteorolóxica e subestación. Trátase dunha paisaxe de montaña conformada por cumios de relevo redondeado, coberturas de mato, plantacións forestais e pasteiros de montaña. As estradas principais que rodean as instalacións proxectadas son a estrada estatal N-VI e a autovía A-6 polo oeste, e a provincial LU-P-0703 polo sueste. Os asentamentos poboacionais da contorna son de pequeno tamaño e principalmente situados no val do Río de Furco e nas abas sur da Serra de Vilare, quedando a media distancia asentamentos de maior entidade como o núcleo de Becerreá.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP fai unha caracterización da paisaxe no marco do Catálogo das paisaxes e avalía os valores paisaxísticos da contorna; leva a cabo un estudo da visibilidade nun radio de 3,5, 10 e 15 km dende os aeroxeradores respecto de elementos como os núcleos, as estradas e espazos naturais protexidos, AEIPs, infraestruturas turísticas, e bens de interese cultural; xustifica como se incorporaron ao proxecto as determinacións das directrices de paisaxe; e establece medidas de integración en referencia ao viario, aos materiais e acabados dos aeroxeradores e das edificacións.

O proxecto incorpora unha serie de cambios respecto do informado polo IET con data 24/02/2021, consistentes nunha nova distribución dos aeroxeradores máis compacta de 6 aeroxeradores ao longo do cordal da Serra do Furco e 1 na aba da Campa do Rabelo.





O proxecto provocará un impacto paisaxístico derivado da intrusión visual que producirán as infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores, por situarse en posicións elevadas, dominantes no relevo (que lles confire unha alta visibilidade), e por tratarse de elementos alleos á paisaxe. Estes impactos veranse incrementados pola sinerxía con outros parques eólicos que, segundo os datos do Rexistro eólico de Galicia, atópanse en tramitación ou en funcionamento nas proximidades. Non obstante, a nova distribución dos aeroxeradores mellora a inserción paisaxística respecto da proposta informada polo IET 24/02/2021, toda vez que evítase a afección a afloramentos rochosos e tamén aos camiños e sebes vexetais do mosaico agrogandeiro do núcleo de Sarceada.

Respecto ás medidas de integración paisaxística recollidas no apartado 6.2 do EIIP, poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar o impacto sobre a paisaxe, pero deberán completarse de acordo co que se indica no punto 5 do presente informe.

6. Conclusión:

O proxecto incorpora un EIIP de acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. O contido do EIIP axústase ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Aínda que o dito impacto non pode ser mitigado con medidas correctoras, non se considera crítico. Respecto aos núcleos máis próximos, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual, estudando a posibilidade de realizar plantacións arbóreas con especies autóctonas nas proximidades dos núcleos, de consenso cos seus habitantes, para reducir a visibilidade dos aeroxeradores (directriz de paisaxe DX.20.c).

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

Coas condicións sinaladas non será necesario solicitar un novo informe do IET.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

